

**REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE
VILAGARCÍA DE AROUSA**

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS.

ARTIGO 1º.- O presente Regulamento regula os Cemiterios propiedade do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 2º.- A inspección e dirección dos Servicios estará a cargo da Alcaldía ou persoas que o representen.

ARTIGO 3º.- O persoal para os mesmos dependerá única e exclusivamente do Excmo. Concello de Vilagarcía, quen proverá ó mesmo en cada instante e á vista das necesidades existentes. Estes funcionarios ou empregados terán as categorías e emolumentos que se determina na cadro de persoal xeral do concello.

CAPÍTULO II

ARTIGO 4º.- Serán obrigacións do persoal adscrito ó Cemiterio Municipal, as seguintes:

Cumprir e facer cumpri-las ordes emanadas polo Alcalde ou quen o represente ou de calquera outro órgano de Goberno do Concello; abri-las fosas, nichos e demais que se designen; coidar de que non desapareza ningún obxecto das sepulturas; evitar que se vexan osos e obxectos de calquera clase na superficie do terreo; auxiliar ós facultativos nas casas de Autopsias; coidar da limpeza do Cemiterio; evitar a entrada de cans e calquera outro animal no recinto; non permiti-la entrada de persoas que non garden a debida compostura e respecto naquel lugar. Procurará cerciorarse se hai algunha persoa dentro do Cemiterio, antes de pecharse definitivamente as portas sendo conveniente facer soa-la campá existente na Capela como aviso. Terá ó seu cargo a limpeza e ventilación da Capela Pública. Coidará da limpeza das carreiras e fará plantacións que se determinen polo Concello. Observará a máis escrupulosa vixilancia para evitar que se arranquen flores ás árbores, denunciando á Alcaldía tódalas anomalías.

ARTIGO 5º.- O horario dos Cemiterios determinarao en cada momento o Alcalde.

ARTIGO 6º.- Formarase anualmente un Inventario de tódolos aparellos e ferramentas que subministre o Concello.

ARTIGO 7º.- No relativo a permisos, excedencias e situacións do persoal, así como os horarios de traballo, estarase ó que se determine para os funcionarios e empregados do Concello, atendendo ás peculiaridades de cada función.

CAPÍTULO III

ENTERRAMENTOS E EXHUMACIÓNS.

ARTIGO 8º.- Os enterramentos efectuaranse nos lugares designados para eles, aténdose estrictamente ás disposicións legais vixentes en cada momento.

ARTIGO 9º.- Os cadáveres irán en féretros e o Concello obrígase a facilitarllos gratuitamente ós falecidos indixentes e especialmente ós que aparezan no Padrón da Asistencia Social ou Beneficencia.

ARTIGO 10º.- Os cadáveres serán conducidos á sepultura polo persoal da Empresa de Pompas Fúnebres correspondentes. Se a familia ou amigos desexan conduci-lo cadáver ata o sitio determinado, seralles permitido.

ARTIGO 11º.- As fosas terán as dimensións máximas de 2,50 mts. de longo e 0,80 de ancho e 2 mts. de profundidade; a separación dunha a outra será de 0,50 metros. Os nichos terán 0,80 mts. de ancho por 0,50 de alto e 2,50 mts. de profundidade.

ARTIGO 12º.- Terán sepultura gratuíta:

- Os cadáveres dos pobres de solemnidade e mendigos
- Os que foran enviados polas Autoridades Xudiciais e Administrativas e que nas ordes de enterramentos así o dispuxeran.
- Aqueles que o Concello dado os méritos do defunto así o acordase. A condución destes cadáveres será a cargo do Concello.

ARTIGO 13º.- Permitirase colocar nos mausoleos e sepulturas, calquera inscrición ou epitafio que deberán redactar en bo estilo. Prohíbese a colocación de imaxes ou símbolos enriba das ringleiras dos nichos.

ARTIGO 14º.- Os enterramentos serán perpetuos ou temporais. Son perpetuos os que se verifican en panteóns, mausoleos, nichos e sepulturas de propiedade; e os temporais os que se verifican en nichos de aluguer e sepulturas de non pago.

En todos estes enterramentos, e potestativo dos propietarios, deixar indefinidamente os cadáveres ou exhumalos no tempo legal, podendo transcorrido este, traslada-los restos cadavéricos a outra propiedade ou ó Osario Xeral, de conformidade coas disposicións legais vixentes na materia.

ARTIGO 15º.- Transcorridos cinco anos, serán exhumados os restos cadavéricos na zona de fosas gratuítas e nichos alugados, conducíndoos ó Osario Xeral, sen que a familia poida facer ningunha reclamación.

ARTIGO 16º.- Se pasados os cinco anos, os parentes ou amigos quixeran que as cinzas permanezan no mesmo nicho, pagarán, por quinquenio a cantidade sinalada na Ordenanza Fiscal correspondente.

ARTIGO 17º.- Permitirase reunir na mesma sepultura de propiedade, con consentimento expreso do propietario, os restos mortais doutras persoas, así como efectuar enterramentos de cadáveres.

ARTIGO 18º.- Os restos de féretros, mortallas ou roupas que se recollan das exhumacións, destruíranse polo persoal do Concello.

CAPÍTULO IV

ZONAS DE ENTERRAMENTO.

ARTIGO 19º.- O terreo para enterramentos nos Cemiterios divídese n tres zonas: 1ª) destinada á construción de mausoleos e panteóns. 2ª) Construcións de nichos e 3ª) a inhumacións en terra.

Reflicítense estas zonas nos planos que se unen ó expediente.

ARTIGO 20º.- As zonas destinadas a mausoleos e panteóns así como as destinadas a inhumacións en terra para a súa venda, son alleables a perpetuidade.

As que se dediquen a tramos de nichos non son alleables.

Feitos estes polo concello, con exclusión dos particulares, venderanse a perpetuidade ou alugaranse por períodos de cinco anos.

ARTIGO 21º.- As zonas destinadas a mausoleos e panteóns teñen todos a mesma categoría. Así mesmo, teñen a mesma categoría tódolos terreos adicados a fosas.

Non haberá clases nos nichos que constrúa o Concello.

ARTIGO 22º.- O comprador de terreos adicados á construción de panteóns ou mausoleos, terá que adquiri-la superficie que para cada un destes sinala o plano. O que solicitase a adquisición de maior superficie, terá que facelo, non por unidade de metros, senón por toda a asignación no plano para cada panteón.

A adquisición de terreos adicados a panteóns e mausoleos é condicional, toda vez, por levar consigo a obrigaón de construír estes, no prazo de dous anos; e de non cumprirse esta condición, o adquirente perderá o dereito a ese terreo que volverá a poder do Concello, sen que este teña ningunha obrigaón de devolve-la cantidade pagada.

ARTIGO 23º.- O comprador de terreos ou nichos nos Cemiterios adquire dende que verifica o pago, dereito de propiedade a perpetuidade, pero co carácter de inalienable, sendo transmisible tan só por título de sucesión, é dicir, por testamento ou en liña ascendente ou descendente se non houberse testamento ou este non citase este ben.

Se algún propietario quixera desfacerse do terreo o nicho deberá retrotraelo ó Concello.

Permítese a permuta de nichos, fosas e panteóns, previa licenza municipal.

ARTIGO 24º.- Os prezos de adquisición de terreos ou nichos, e de aluguer, así como os dereitos por enterramento, traslados de cinzas, etc..., serán fixados polo Concello na Ordenanza Fiscal correspondente.

CAPÍTULO V

CONSTRUCCIÓN.

ARTIGO 25º.- Toda construcción, decoración, ampliación ou reforma de nichos, panteóns e fosas nos Cemiterios Municipais solicítase mediante instancia ó Concello, acompañada de planos e deseño das obras a realizar. Serán resoltas polo órgano competente municipal, axustándose á normativa urbanística de aplicación.

ARTIGO 26º.- Tódolos traballos para a preparación de materiais destinados á construcción de monumentos, mausoleos e sepulturas, deben ser feitos no lugar designados polo persoal deste Concello, e só despois de convenientemente preparados, poderán ser conducidos ó pe da obra, estando prohibido amontoar entullos en calquera punto do Cemiterio, e de non retirar-lo ó ser requirido poderán os infractores ser sancionados con multa de ata 10.000 pesetas.

ARTIGO 27º.- Permitirase a plantación de arbustos e flores nos terreos adquiridos que deixen o lugar de enterramento libre. Así mesmo poderán pechar con enreixado de ferro o terreo, previo permiso do Concello.

ARTIGO 28º.- Nas sepulturas de terra non enaxenables ou de enterramento común, poderán poñerse na súa cabeceira, cruces, sempre que a proxección horizontal ou os voos maiores non ocupen máis superficie que o ancho da sepultura.

ARTIGO 29º.- Todo o que constrúa obras nos Cemiterios está no deber de conserva-las en perfecto estado de seguridade, ornamento e decoro.

ARTIGO 30º.- Á terminación das obras que se fagan nos Cemiterios deberase deixar en perfecto estado de limpeza o sitio que ocupara para os traballos de construcción; son responsables diso, tanto o propietario como o constructor.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS:

ARTIGO 31º.- Sempre que neste Regulamento se fala de alleamento a favor de particulares, a perpetuidade ou temporalmente de terreos para mausoleos, panteóns e sepulturas de terra, enténdase que a propiedade que por tal alleamento adquira aquel, non é absoluta, senón a que se coñece como propiedade funeraria, é dicir, unha concesión a perpetuidade, sen dereito a ningunha indemnización en caso de traslado ou clausura dos Cemiterios, non podendo cedelo a terceiras persoas nin a título gratuito ou oneroso e perdese por abandono da concesión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA:

Todos aqueles que no momento de entrada en vigor deste Regulamento sexan propietarios de terreos para a construcción de mausoleos e panteóns, deberán ser requiridos para o cumprimento do art. 22, pero reducindo o prazo a seis meses contados a partir da promulgación deste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAIS:

1ª.- Queda derogado o Regulamento de Cemiterios Municipais aprobado pola Corporación Municipal do 15 de novembro de 1907.

2ª.- Dereito Supletorio. Para o previsto neste Regulamento, estarase ó disposto no Regulamento de Policía Sanitaria e Mortuoria vixente en cada momento, Regulamento de Cemiterios Promulgado pola Xunta de Galicia, Bando e Normas que di a Alcaldía, así como as Ordenanzas e acordos municipais adoptados en materia da súa competencia e costume do lugar.

Vilagarcía de Arousa, a 2 de xaneiro de 1989.

O Alcalde,

O Secretario Xeral,

Asdo. José Luis Rivera Mallo

Asdo. Antonio L. Rosón Pérez